

# A VOZ DA MONTAÑA

Mikio Naruse, 1954

# 1442

ESTREA EN NUMAX: 14.01.2025 | V.O.S.E. | 94 min

Shuichi, fillo de Shingo, un home de negocios de Tokio, vive cos seus pais e a súa esposa nunha confortable casa. Polas tardes, queda a miúdo na capital, bebendo e divertíndose coa súa querida. A súa muller agarda o seu regreso a altas horas da noite. Shingo, home sabio e de talante moderno, é consciente dos desenfreos do seu fillo e compadece á solitaria Kikuko.

- 



## Vagalumes no labirinto

Por Jean-Pierre Limosin

Para a creación dun cartaz publicitario de cinema é habitual presentar o elenco de fronte ou cando menos de perfil, pero esencialmente mirando cara a adiante. Cada vez que se transgrede este hábito, é dicir, cada vez que os actores aparecen de costas, o cartel gusta pouco e o filme vese prexudicado na súa carreira cara ao público. Raros son os filmes que comezan cun plano de apertura de persoas anónimas, filmadas todas de costas e afastándose na perspectiva cara ao fondo da imaxe. Case podería interpretarse isto coma se nun arrebatado de mal humor abandonaran prematuramente algo (a sesión? o relato? a mirada do espectador?).

*A voz da montaña*, rodada en 1954 por Mikio Naruse, abre cun plano fixo de xente nunha rúa lixeiramente ruidosa. Esas persoas marchan todas no mesmo sentido da profundidade de campo, afastándose do emprazamento fixo da cámara. Podería doadamente argumentarse que se trata dunha escena cotiá e que estas persoas deben dirixirse sinxelamente ao seu traballo. Pero o segundo plano da película comeza con dous homes que saen dun despacho e se cruzan cun terceiro, quen si vén de cara a nós para deixar enriba dunha mesa un sobre antes de volvernos as costas para dirixirse a outro despacho. Apenas abre a porta deste despacho decátase de que seu pai saíu. Recibimos esta primeira información e imaxinamos o plano do pai afastándose de costas cara ao fondo da rúa.

Porque a figura de estilo, a figura recorrente e emblemática dos filmes de Naruse é precisamente este plano singular dun ou dous personaxes que camiñan de costas no fondo dunha paisaxe. A miúdo este plano tipicamente *narusián* é un plano subxectivo. O personaxe ao que vemos afastarse é mirado, en realidade, por outro personaxe do filme. Como esta figura do vello patrón que camiña só, de costas, por un camiño sementado de coios en *Ani Imoto (Irmán e irmá, 1953)*.

Pero a miúdo este plano *narusián* carece de palabras e non provén da mirada de ningún personaxe do filme. Trátase dun plano de dúas persoas que camiñan de costas, unha ao pé da outra, ás que a cámara segue de preto, como se se preparasen para un adiantamento. Logo, ben sexa nese mesmo movemento ou mediante un corte de montaxe, a cámara encóntrase diante dos personaxes, en pleno diálogo, un desprazado oblicuamente con relación ao outro, pero os dous caminando, lenta, tranquilamente, ao unísono.

Quizais se atope nesta figura de estilo a esencia mesma do cinema como arte de achegamento ao descoñecido, da representación do intervalo entre nós e os demais. Porque a distancia non é consciente. Hai nos filmes de Naruse un considerable número de planos nos os personaxes se atopan tan pronto afastados como próximos, sen ter en conta a verosimilitude da distancia. Pouco importa posto que tamén nós na nosa vida percorremos indubidablemente un mesmo labirinto, que é á vez único para cada un de nós, desde o exterior cara ao seu centro, con intres nos que somos conscientes da nosa posición no camiño e intres nos que perdemos as referenzas. Intres nos que estamos próximos e intres nos que estamos afastados.

Mikio Naruse é un gran mestre da luz. Tanto se o labirinto rebosa de luz solar como se atravesa as tebras, encontrarase dobremente iluminado por mulleres indomables, suaves e rebeldes que non poñen reparos en proclamar o que pensan da sociedade patriarcal, o que nos permite escoitar frases como “o matrimonio está feito para a desgraza das mulleres” ou “todos os homes son mentirosos”. Vagalumes a plena luz.

Publicado en Mikio Naruse (Festival de San Sebastián, 1988)